

---

# NUMAX PRESENTA:

---

**86 | FEBREIRO 2025**

---



# Unhas cantas cousas

Neste mes Comisura reedita *Te elige*, un libro alfaia no que Miranda July escudriña nas historias que contan os obxectos sobre as persoas. Aproveitamos para propoñervos estas lecturas nas que as cousas son as protagonistas ou teñen un papel importante.



**Te elige**  
Miranda July  
COMISURA | 24€




**La belleza del objeto cotidiano**  
Soetsu Yanagi  
GG | 14,90€



**Diccionario de amuletos galegos**  
Rafael Quintía  
AB ORIGEN | 25€




**La terrible historia de las cosas bellas**  
Katy Kelleher  
ALPHA DECAY | 21,90€



**Illa decepción**  
Berta Dávila  
GALAXIA | 16,75€



**Lonchas, correas y tamagotchis**  
Gabriela Hens Spalla  
ASIMÉTRICAS | 12€



**Teatro de objetos domesticos**  
Shaday Larios  
LA UÑA ROTA | 19€



**Elogio de la sombra**  
Tanizaki Junichiro  
SATORI | 18€




**Un resplandor de lúa. A ola**  
Emilio Arauxo  
TOXOSOUTOS | 20€



**A orde dos obxectos**  
Mario Losada  
EUSEINO? | 12€



**El poder del objeto**  
Blanca Garí  
SIRUELA | 22,95€



**Objetos a los que acompaño**  
Carlos Risco  
CÍRCULO DE TIZA | 22€



**O gran libro das nosas cousas**  
Blanca Millán  
DO CUMIO | 18,95€

# Presentacións | Febreiro 2025

## XOVES 6 DE FEBREIRO ÁS 19H00

Presentación de *O segredo do trasno* (AIRA) de **Alexandre Corbillón**. O autor estará acompañado do director da editorial, **César Lorenzo**.

## VENRES 7 DE FEBREIRO ÁS 19H00

Presentación de *Man* (ALAUDA NEGRA) do colectivo Cadelea Negra, gañador do III Premio Ffoco. Os autores do colectivo, **Lois Cid** e **Toni Cortés**, estarán acompañados do editor **Xosé Lois Gutiérrez Faílde**.

## XOVES 20 DE FEBREIRO ÁS 20H00

Presentación de *Memórias em Movimento. História e Trauma nos Cinemas Ibero-Americanos* coas investigadoras **Silvana Mariani**, **Júlia Vilhena** e **Iván Villarimea**.

## XOVES 27 DE FEBREIRO ÁS 19H00

Presentación de *Eu son o monte* (EUSEINO?) de **Sara Guerrero**. A autora estará acompañada do editor **Carlos Lema**.

Consulta a información actualizada dos eventos en [numax.org/libraria](http://numax.org/libraria)



# CINEMA CHECO DOS SESENTA

11 DE FEBREIRO  
**OS AMORES  
DUNHA LOURA**

Miloš Forman, 80', VOSG, 1965

18 DE FEBREIRO  
**FALEMOS  
DOUTRA COUSA**

Věra Chytilová, 81', VOSG, 1963

25 DE FEBREIRO  
**CARRUAXE  
A VIENA**

Karel Kachyňa, 75', VOSG, 1966



Agencia de distribución  
da Deputación  
de Coruña



Deputación  
DA CORUÑA



**AÍNDA ESTOU AQUI** ESTREA 21 FEB

**Walter Salles, 135', PT, VOSE, +12**  
Con Fernanda Torres, Selton Mello

Brasil, 1971. Un país baixo as gadoupas dunha ditadura militar. Unha nai involúcrase no activismo político cando o seu marido, o deputado de esquerdas Rubens Paiva, é capturado polo réxime ditatorial.

O multipremiado Walter Salles (*Estación central de Brasil*) volve á primeira liña con este emocionante drama ambientado nas ditaduras dos setenta e baseado nas memorias de Marcelo Rubens Paiva.

**🏆 Mellor Actriz Globos de Ouro 2024**  
**Mellor Guión Venecia 2024**



## Estreas



### **MARÍA CALLAS**

**ESTREA 7 FEB**

**Pablo Larraín, 123', ING, VOSE**

Con Angelina Jolie, Pierfrancesco Favino

A tumultuosa, bela e trágica historia da cantante de ópera máis importante do mundo, revivida e reimaxinada durante os seus últimos días no París dos anos setenta.

🏆 **Nomeada a Mellor Actriz Globos de Ouro 2024**



### **FOLLOWING**

**ESTREA 7 FEB**

**Christopher Nolan, 69, ING, VOSE, 1998**

Con Jeremy Theobald, Alex Haw

Un escritor novo, sen traballo e en plena crise creativa decide seguir a xente pola rúa para atopar inspiración. Pero converterse en voyeur ten os seus riscos... Nolan debutou con este filme rodado en branco e negro e en 16 mm durante as fins de semana e con moi baixo orzamento.



### **VERMIGLIO**

**ESTREA 14 FEB**

**Maura Delpero, 119', ITA, VOSE**

Con Tommaso Ragno, Giuseppe De Domenico

Drama de época ambientado nunha remota aldea de montaña dos Alpes italianos a finais da Segunda Guerra Mundial. A historia adéntranos na familia do mestre local e amosa como a chegada dun soldado desertor alterará a súa vida e conducirá a todos os seus membros a un destino inesperado.

🏆 **Gran Premio do Xurado Venecia 2024**



## **A TITORÍA (ARMAND) ESTREA 14 FEB**

**Halfdan Ullmann Tøndel, 117', NO, VOSE, +12**  
Con Renate Reinsve, Ellen Dorrit Petersen

Armand, de 6 anos, é acusado de traspasar certos límites cun compañeiro de aula. Ninguén sabe que ocorreu realmente. A dirección convoca o país para falar, desatando un conflito que pon sobre a mesa a sexualidade na infancia.

🏆 **Mellor Ópera Prima Cannes 2024**



## **A MIÑA ÚNICA FAMILIA (HARD TRUTHS) ESTREA 28 FEB**

**Mike Leigh, 97', ING, VOSE, +12**  
Con Marianne Jean-Baptiste, Michele Austin

Para Pansy a vida é unha loita chea de dor física e mental. Bate decotío coa familia e a veciñanza... Curtley, o marido, non sabe xa como tratala. Só é comprendida e axudada pola súa agarimosa irmá Chantelle.

🏆 **Sección Oficial Donostia 2024**



## **LA MARSELLISA DE LOS BORRACHOS ESTREA 28 FEB**

**Pablo Gil Rituerto, 93', ESP, VO**  
Unha equipa de rodaxe percorre o norte de España tras os pasos da viaxe clandestina do grupo Cantacronache, que no verán de 1961, en pleno franquismo, recolleu cancións populares da resistencia.

🏆 **Mención Especial do Xurado In-Edit 2024**

📍 **Presentación e coloquio  
co director**

## **Pioneiras**



## **A MANCHA + SUSPENSE**

**PASE ÚNICO 20 FEB**  
**Lois Weber, 94' + 10', ING, VOSE**  
Recuperamos a obra de directoras fundamentais na creación da linguaxe do cinema con dúas pezas de Lois Weber: *A mancha* (1921), sutil melodrama de denuncia dos baixos salarios do profesorado, e *Suspense* (1913), unha curta maxistral onde mostra o seu dominio da narración cinematográfica.

## Petís Numax




### **RAPOSO E LEBRE SALVAN O BOSQUE** 1-2 FEB

Mascha Halberstad, 70', VE, +5

Raposo e Lebre fan unha festa cos seus amigos. Despois da festa, Moucho volve á súa árbore para facer a súa quenda de vixilancia e decátase de que está rodeado de fios de auga. De onde saíu toda esa auga?

🏆 Generation Kplus Berlinale 2024




### **SALVAXES** 8-9 FEB

Claude Barras, 87', VE, +7

No límite da selva tropical de Borneo, Keria acolle un bebé orangután, atopado na plantación de palmas de aceite. Xunto ao seu curmán Selaï e ao bebé orangután, Keria loitará contra a destrución do bosque.

🏆 Miniminci 2024



### **LOLA E O PIANO CREBACABEZAS** 22-23 FEB

VV.AA., 57', VE, +5

Lola, de 11 anos, é irmá de Simón, de 5, que vive no seu propio mundo. Observándoo, decátase do sensible que é aos pequenos sons ocultos. Xunto á súa amiga Rolih, decide construír unha máquina de ruidos para comunicarse con el.

🏆 Premio do Xurado Anecny 2024

## Os ollos verdes



### **O DESAFÍO DE SOFÍA** P

PASE ÚNICO 3 FEB

Lillah Halla, 92', PT, VOSE

Con Ayomi Domenica Dias, Loro Bardot

En vésperas dun campionato que vai decidir o seu futuro, unha prometedora xogadora de voleibol, Sofía, enfrenta un embarazo non desexado e convértese no obxectivo dun grupo fundamentalista decidido a impedirle que interrompa o embarazo.

🏆 Semana da Crítica Cannes 2024





**i** Presentación e coloquio  
co director

## OBJETO DE ESTUDIO

PASE ÚNICO 17 FEB


**Raul Alaejos, 79', ING, VOSE**

Hai máis de 100 anos o explorador Robert Peary viaxou ás poboacións máis septentrionais do planeta. Alí considerou que a única maneira de chegar ao Polo Norte era ter fillos con inuits para crear unha super raza que xuntase a fortaleza esquimá e a clarividencia occidental.

**🏆 Premio do Xurado MajorDocs 2024**

---

## Pases especiais



**i** Presentación e coloquio  
coa directora

## FILMEI PAXAROS VOANDO

PASE ÚNICO 8 FEB

**Zeltia Outeiriño, 100', VO**

Despois de 20 anos vivindo en Barcelona, Zeltia volta a Galicia para filmar a memoria do seu admirado tío Antonio, un artesán téxtil, galeguista e gai, que viviu intensamente nos anos 80. Este retorno provoca o reencontro coa súa nai Socorro, unha muller moi conservadora á que Zeltia rexeitaba.

**🏆 Mención Especial do Xurado  
L'Alternativa 2024**



## UNHA MAN SOA NON APLAUDE

PASE ÚNICO 27 FEB

**Kavery Kaul, 92', ING, VOSE**

Unha estimulante e irreverente celebración da música calipso, que viaxa desde os estudos de Nova York até as rúas no Carnaval de Trinidad e Tobago. Da man das lendas Lord Kitchener e Calypso Rose, que nos deleitan cos ritmos contaxiosos do icónico xénero musical trinitense.

**🏆 In-Edit 2024**

↑ María Calles (Pablo Larrain) ESTREA 7 DE FEBREIRO

---





**NUMAX 10**  
10

numax.org

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA **Agencia**  
GGGGGG **Gráfica**

    @numaxcoop

---